

O legado do tempo

Colección de reloxo de
José Antonio Puentes Romay



O Museo Provincial de Lugo (MPL) presenta unha nova exposición temporal, enmarcada no seu programa de "Coleccionismo e museos", co obxectivo de dar a coñecer novos fondos. Nesta ocasión, amósase unha selección de reloxo da colección doada por José Antonio Puentes Romay (A Coruña 1953 – Muras 2025), que suman un total de 194 reloxo. Estas pezas percorren a historia da relojería dende o século XIX, lembrándonos co seu constante tic-tac o paso do tempo e como o presente se nos escapa de entre as mans.

Esta mostra vai máis aló de mostrar obxectos, convida a reflexionar sobre o valor de coleccionar. Coa súa presentación, queremos poñer en valor o papel das recompilacións privadas e agradecer a xenerosidade dos doadores particulares, que enriquecen o patrimonio de todos e contribúen a conservar a memoria colectiva.

Lonxe de ser un mero envoltorio, a caixa de cada reloxo foi cambiando e adaptándose á sensibilidade estética de cada época. Ademais da complexidade técnica dos mecanismos, preferimos centrar a atención no acto mesmo de xuntar e protexer. Coleccionar non é acumular estes bens sen criterio; é un traballo rigoroso de estudo e conservación. Cada unha das pezas gardadas reflicte a procura apaixonada por documentar a evolución tecnolóxica e cultural dos dous últimos séculos.

Unha colección cobra o seu verdadeiro sentido cando sae do ámbito privado e se comparte. Grazas a esta doazón, obxectos que gardan historias de viaxes, ou herdanzas familiares pasan agora a formar parte do espazo público como un legado vivo.

P.S.S.

FICHA TÉCNICA:

Título: O legado do tempo. Colección de reloxo de José Antonio Puentes Romay.

Programa: Coleccionismo e museos. 2026.

Datas: Desde o 23 de setembro ata o 15 de novembro de 2026.

Lugar: Sala de exposicións temporais do MPL.

Coordinación xeral: Aurelia Balseiro García. Dirección MPL.

Comisariado: Paula Salinas Somoza. Responsable do Departamento de Etnografía/AA.DD. MPL.

Adxunto á coordinación e comisariado: Negociado de Coleccións do MPL.

Textos: Departamento de Etnografía e Artes Decorativas do MPL. Dirección e Xaime Varela Sieiro.

Conservación e restauración: Departamento de Restauración do MPL.

Colaboracións: Departamento de Montaxes de Exposicións do MPL, Negociado de Coleccións do MPL. Jesús Chao López.